

A GUERRA FRÍA

ACTIVIDADES	PORCENTAXE DA NOTA
KAHOOT	15%
TRABALLO NA AULA (PARTICIPACIÓN, COMENTARIOS, ACTITUDE...)	10-15%
TRABALLO FINAL: NARRACIÓN HISTÓRICA	70-75%

- PRESENTACIÓN DO ADOLESCENTE (EN PRIMEIRA PERSOA)
 - Nome, idade, gustos, hobbies, que fai no seu día a día, traballo dos pais, intereses, onde vive... Estes aspectos deben tratarse, a orde na que se faga é indiferente.
- CONTEXTO HISTÓRICO (70%)
 - **Política:** débese facer referencia a un acontecemento político que estea a suceder ou que marque a vida do adolescente. Hai que comentar a repercusión que ten este acontecemento no seu día a día. O acontecemento debe ser explicado dende a óptica do adolescente. Valorarase o completa que sexa a explicación. Por exemplo, se se narra a vida dun adolescente que vive en Berlín no ano 61 debe comentar como afectou á súa vida a construción do muro. Ademais, á hora de falar do país no que vive é de interese que se comente quen é o presidente e a opinión pública que existía sobre el (en función do sector social ao que pertencese o adolescente).
 - **Económica:** débese falar da situación económica da familia (e extrapolala á do país). Non é necesario recorrer a explicacións complexas e técnicas, senón expresar con vocabulario cotián as formas na que a economía inflúe na vida dunha persoa. Por exemplo, se o adolescente vive na Polonia dos anos 80, que estaba baixo un réxime comunista, pode explicar que comer alimentos como as laranxas ou o chocolate era moi pouco habitual e que existían cartillas que se entregaban ás familias cada mes e que permitían adquirir certo produto, normalmente básico.
 - **Sociocultural:** débense comentar distintos aspectos relacionados cos cambios sociais e as expresións culturais (ou a falta de elas) que se están a desenvolver en certo ano e en certo país. É interesante facer referencia á música, moda, formas de entretemento, mentalidade

da xuventude (oposicións posibles)... Se por exemplo, a vida do adolescente está ambientada en París no ano 68 deberán tratar de explicar as motivacións que os levaron a organizar as protestas masivas (facer referencia a outras mobilizacións que se estaban a producir no mundo, cales foron as repercusións, que sentiron...), narrar en 1ª persoa os feitos que sucederon e como os interpretou e percibiu esa persoa. Non podemos esquecer tampouco os cambios na forma de vida: emigración cara as cidades, nova clase obreira e as repercusións disto... neste apartado tamén valoraremos a explicación do nivel socioeconómico da familia deste estudante (traballo dos pais, onde vive, que se pode permitir...).

- ORIXINALIDADE (5%)

Hai que ter en conta os documentos aportados polo profesorado. Non obstante, se algún deles non lle cadra ben na presentación do seu personaxe poderá eliminalo. Valoraremos o completa que sexa a historia, entretida, que conte unha historia diferente, ben cohesionada e coherente (rigor histórico e vida da persoa que narra).

- EXPRESIÓN ESCRITA (5%)

Valoraremos a correcta expresión das ideas tanto a nivel de vocabulario, gramática, sintaxe. Deberanse utilizar conceptos históricos vistos na aula. Darémoslle importancia á presentación formal do traballo (Interlineado 1,5; letra Times New Roman 12, sangría primeira liña (1 punto), texto xustificado...

- REFLEXIÓN FINAL (20%):

Nesta parte deberedes analizar as formas de vida do adolescente e da súa familia no ano que vos tocou a cada grupo e comparalas coas actuais vosas. Aquí tamén valoraremos a orixinalidade. Debedes falar dos cambios que se produciron, dos aspectos que continúan a existir e a marcar as vosas vidas, reflexionar sobre como eran as vidas destas persoas (duras...) e argumentalo coa vosa vida diaria. É unha porcentaxe considerable da narración, canta maior profundidade teña a vosa reflexión e comparación das dúas épocas, mellor nota (global) terá a narración histórica. Recomendovos falar en grupo (o voso grupo) e discutir estas cuesitóns.